

INSTRUCCIÓN PARTICULARES

Plan de adaptación á situación Covid-19 Curso 2021/2022

FAMILIAS (v.04/09/21)

1.-AUTOAVALIACIÓN DA SAÚDE PARA O ALUMNADO

- Antes da chegada ao centro o alumnado, ou os seus pais/nais/titores/as legais, realizarán unha autoavaliación dos síntomas de forma diaria coa finalidade de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa de autoavaliación que se describe no Anexo I do "Plan de adaptación á situación Covid-19 do IES 12 de Outubro no curso 2021-2022"
- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia solicitarán consulta co seu médico ou pediatra. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.
- No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliar serán os que recomende médico ou pediatra de acordo co establecido na resolución que se dite instrucións para a atención educativa ao alumnado vulnerable ou alumnado con conviventes vulnerables durante o curso 2021/22 como consecuencia da pandemia da Covid-19.

Comunicacións obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación

- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.
- O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa Covid-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.



- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARSCoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. A persoa afectada ou a súa familia comunicará o diagnóstico obtido, no caso de ser positivo, ao Equipo Covid do centro.
- Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da Covid-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora Covid do centro.
- Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.
- Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.
- A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xuntamente coa Consellería de Sanidade, dispón da canle informática denominada "EduCovid", específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.
- A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:
 - No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo Covid do centro incluírá a información dos contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os máis próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte e do comedor escolar, os compañeiros do transporte particular no que viaxan varios nenos do centro, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais. O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos pola autoridade sanitaria. A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura territorial da Consellería de Sanidade solicite información no caso de que exista casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible con Covid-19 que estean a ser investigados ou nos que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.

- No caso de que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, incluíra a información na aplicación informática onde solo resultará visible para o equipo Covid do centro escolar.
- A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.
- O equipo Covid de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

2.-NORMAS XERAIS

- **Reforzaranse no seo das familias as medidas de prevención e actuación deseñadas polo centro, publicadas e facilitadas ao alumnado, destacando a importancia de evitar contaxios e o perigo que isto supón para todos.**
- **A PUNTUALIDADE E CUMPRIMENTO DOS HORARIOS de entradas son esenciais para a execución do protocolo de entradas-saídas. O alumnado que chegue tarde e non poida formar deberá acudir pola porta principal do IES e agardar a que todas as formacións terminen de entrar para ser guiados polo profesorado de garda e acceder ás súas aulas ou talleres.**

3

Calquera persoa que acceda ao centro de forma esporádica aos servizos de Conserxería, Secretaría ou despachos do equipo directivo, Titorías, Orientador, etc., deberá USAR MÁSCARA OBRIGATORIAMENTE no acceso ao edificio, circulacións e estancia nel e realizará a hixiene de mans á entrada e á saída do centro.

PREVISIÓN DE REALIZACIÓN DE TITORÍAS E COMUNICACIÓNS COAS FAMILIAS

A canle de comunicación principal será a páxina Web do centro:

www.12outubro.gal

Nela publicaranse os protocolos de actuación, as normas de uso, as NOFC (Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia), a información detallada de actualidade, etc.

Cando a información vaia dirixida a un grupo ou membros deste en concreto farase pola seguinte orde de prioridade:

- Teléfono
- Correo electrónico
- Mensaxes a través da mensaxería de abalarMóvil.
- Mensaxes Mensario
- Videoconferencia

Recoméndase a instalación e utilización da aplicación informática da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional abalarMÓBIL

Se de forma excepcional se tivese que celebrar unha reunión presencial, deberase solicitar CITA PREVIA cunha semana de antelación.

Na sala de titorías ou onde se celebre a reunión será obrigatorio o uso da máscara e contará con xel para a limpeza de mans.

DETERMINACIÓNS PARA AS XUNTANZAS DA ANPA E O CONSELLO ESCOLAR

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, xa sexan organizadas pola ANPA do centro ou polo convenio co concello, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo ao "Plan de adaptación á situación do Covid-19 no curso 2021/2022" e de acordo co anexo VIII sobre actividades extraescolares e complementarias. O dito protocolo determinará as medidas de prevención e protección fronte ao Covid e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.

As actividades da ANPA celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso as xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas. Só en caso xustificado poderán utilizar o Salón de Actos mantendo o aforo permitido e as medidas de uso xerais designadas no protocolo para a dita estancia.

Os Consellos Escolares celebraranse preferentemente de xeito telemático. Só nos casos en que se considere xustificado polo centro, poderán ser presenciais no Salón de Actos mantendo o aforo permitido e as medidas de uso xerais designadas no protocolo para a dita estancia.

NOTAS:

- **As presentes instrucións deben considerarse PROVISIONAIS e serán actualizadas en función das indicacións facilitadas pola autoridade educativa e sanitaria en cada momento.**
- **Do mesmo xeito, adaptaranse segundo a súa eficacia na práctica diaria do IES.**
- **Están redactadas a título informativo e como resumo do indicado no "Plan de adaptación á situación Covid-19 do IES 12 de Outubro no curso 2021-2022". Acudirase á consulta de dito plan, que estará publicado na Web e impreso nas dependencias do IES, para calquera aclaración e profundización desta información**

POLA SEGURIDADE E SAÚDE DE TODOS RESPECTEMOS AS NORMAS

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa medico/a ou pediatra.

<i>Presentou nos últimos días?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
CONVIVIU nos últimos 10 días?	cunha persoa Covid-19 + confirmado?		

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con
DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a

matriculado no curso _____, do IES 12 de OUTUBRO

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de ensino non universitario DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON enviálo/a ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar cando menos un síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao Equipo Covid do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2021.

ASDO. _____